

## LIMAR DA SEXTA EDICIÓN

Entre os anos 1997 e 2002, isto é, no tránsito do século XX ao XXI, saíron do prelo cinco edicións desta obra, o que demostra a boa acollida que naquel momento tivo por parte do público. Pasadas aproximadamente dúas décadas e esgotados os exemplares nas librarías desde hai xa moito tempo, Laiovento ten a ben editala de novo agora, neste singular ano 2020 que tantas cousas está a mudar nas nosas vidas, na sociedade galega e no conxunto da humanidade. Confiamos en que entre esas mudanzas estea un maior compromiso na defensa dos valores ecolóxicos, tamén da ecoloxía das linguas e, por consecuencia, unha aposta máis decidida na preservación da diversidade lingüística e cultural dun mundo ameazado por unha vaga de uniformismo destrutor que tamén afecta de modo negativo a lingua galega.

Hoxe sabemos que aquel tránsito intersecular en que esta obra gozara do beneplácito de moitas lectoras e lectores presupuxo unha perda importante no número de falantes de galego, tendencia que continuou nos anos posteriores e que se prolonga até á actualidade. Tamén sabemos que na segunda década desta centuria se produciu unha reversión nas medidas protectoras do galego, de modo que, pola primeira vez desde o recoñecemento do seu carácter oficial, se ditaron normas regresivas que reduciron o seu uso no ensino, na Administración e noutros ámbitos. Foi, pois, esta última unha década ominosa para a lingua galega, que termina cando comeza a pandemia da Covid-19. Alén de vencermos o coronavirus, esperamos ser capaces de derrotarmos outro virus, aquel que está a destruír a lingua e a cultura galegas, e con elas a identidade dun pobo milenario.

Se nas palabras preliminares inseridas na quinta edición se mostraba a vontade de que a obra, dentro das súas modestas posibilidades, puidese contribuír para a dignifica-

ción e normalización da nosa lingua, agora que se reedita debemos constatar que tal obxectivo está lonxe de se conseguir e que, por tanto, cómpre redobramos os esforzos en tal dirección. Na realidade, nese período precedente non só non se avanzou no proceso de normalización lingüística como mesmo se recuou; porén, aínda mantemos a esperanza de que eses pasos atrás que se produciron nos últimos anos sirvan para collermos o impulso necesario que nos permita darnos o salto definitivo que sitúe a lingua galega na posición que lle corresponde como lingua propia da Galiza.

Tamén houbo, no entanto, algunha mudanza positiva para o idioma no tempo que levamos deste novo século. Naquel ano 2002 da última edición da obra estabamos a punto de conseguir un acordo de revisión normativa que, definitivamente aprobado pola Academia Galega no ano seguinte, veu supor un paso importante no camiño da conformación dun modelo de lingua máis acorde coa historia e coa proxección futura do idioma. E, a pesar das súas limitacións e das dificultades para a aplicación na práctica diaria, debemos constatar que nestas dúas últimas décadas se avanzou decididamente no proceso de construción dun galego máis auténtico e de calidade, nomeadamente no ámbito da escrita, ao tempo que mudou de maneira positiva o clima das relacións entre os diferentes grupos e persoas que manteñen posicionamentos distintos a respecto da codificación do idioma. Tamén debemos saudar positivamente a aprobación da Lei Paz-Andrade, que abre oficialmente a porta do galego ao ámbito da lusofonía, embora até ao momento non se perciba unha vontade clara de cumprimento por parte das autoridades políticas. Cómpre ponderarmos positivamente, na mesma dirección, a proposta de binormativismo feita polo movemento reintegracionista, que presupón o recoñecemento por parte deste da lexitimidade das dúas tendencias existentes, a autonomista

e a reintegracionista, e que posibilita a vía para unha colaboración futura entre ambas, de que xa parece haber algún pequeno indicio. Sen esa colaboración entre todas as partes interesadas e preocupadas polo futuro do galego dificilmente poderá atinxirse a normalización lingüística.

Debe terse en conta, aliás, que a obra que aquí se reedita é esa quinta edición de 2002, ano por tanto en que finaliza o percurso sobre a historia da lingua galega que nela se realiza; tamén o modelo lingüístico que reproduce responde a aquel ano, cando aínda a Academia Galega, de modo incomprensíbel, non aceptara as modificacións propostas por unha comisión interuniversitaria e o ILG, coa mediación da AS-PG, feito de que se dá cumprida noticia no libro, sempre desde a óptica particular do autor. Non se actualizan, pois, nin a lingua, nin os contidos, nin a bibliografía desta obra, que se deu por definitivamente terminada con aquela quinta edición corrixida e acrecentada. Dalgún modo, a súa actualización ou prolongación pode dicirse que se produciu noutras dúas obras da mesma autoría tamén editadas por Laiovento: *Lingua, nación e identidade* (2006) e *Idioma e sociedade* (2020).

A análise do percurso seguido pola lingua galega desde as súas orixes medievais até aos tempos actuais detense, por tanto, nesta obra no momento de se iniciar o século XXI e o seu contido fica resumido en dúas palabras que fan parte do título: *normalidade* nos aproximadamente 700 anos de vida do idioma nos recuados tempos do Medievo e *conflito* nos cinco séculos posteriores, do XVI ao XX. Estamos xa metidos agora plenamente no século XXI e o conflito lingüístico continúa, co galego en posición de subordinación a respecto do español e co imperialismo lingüicida a avanzar nun mundo cada vez máis uniformado por un capitalismo voraz e depredador, tamén de linguas e culturas. O galego non superou, pois, esa fase de conflito, o que quere dicir que na Galiza continúa a existir unha situa-

ción de diglosia en que a lingua dominada, paradoxalmente cualificada como obxecto de especial protección e obrigada promoción no marco legal vigorante, está a perder falantes de modo cada vez máis acelerado, segundo poñen en relevo tanto o Mapa Sociolingüístico de 2004 canto os informes regulares do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega ou do Instituto Galego de Estatística, alén doutros traballos demoscópicos.

Avanzamos, pois, por un novo século de conflito lingüístico na Galiza que pode conducir á culminación do proceso de substitución do galego polo castelán, iniciado nos anos finais da Idade Media e nos primordios da Idade Moderna. Para determos tal proceso cómpre invertermos a situación actual e colocarmos o galego na posición dominante que por historia e por xustiza lle corresponde. Oxalá que esta nova edición da presente obra poida contribuír, embora sexa minimamente, para tal obxectivo.

Finalmente, quero agradecer a Laiovento que, anos despois, apostase novamente na edición desta obra. Aproveito tamén a ocasión para deixar constancia do meu agradecemento a todas as lectoras e lectores que o libro tivo no pasado e a aquelas outras que puider ter no futuro; e a todas as persoas que traballaron e continúan a traballar, desde calquera dos ámbitos ideolóxicos ou sociais, pola sobrevivencia da lingua que nos pertence e que nos une.

A Coruña, setembro de 2020

## ÍNDICE

Limiar da sexta edición .....	11
Nota á quinta edición.....	15
Orixe e significado da lingua galega .....	17
A importancia histórica do reino de Galiza .....	25
A lingua da Gallaecia: galego, denominación de orixe.....	31
O galego na Idade Media: sete séculos de normalidade.....	39
O galego, lingua oral.....	39
A conversión do galego en lingua escrita .....	46
O galego, lingua lírica peninsular.....	48
O galego, lingua “oficial” na Baixa Idade Media .....	56
A perda da normalidade lingüística .....	63
A imposición real do castelán: a lingua, compañeira do imperio .....	63
Dous procesos de substitución lingüística diferenciados .....	72
Cinco séculos de conflito lingüístico .....	79
Os séculos escuros (XVI e XVII).....	81
O século XVIII.....	92
O século XIX.....	105
O século XX.....	117
O galego no período de preguerra .....	117
O galego desde a guerra civil a 1975 .....	128
O galego desde 1975 á actualidade.....	136

ÍNDICE

<b>O conflito normativo</b> .....	159
Visión histórica .....	159
A necesidade do consenso.....	172
O acordo normativo .....	180
O rexeitamento da Academia .....	188
<b>Prexuízos sociais sobre o galego</b> .....	195
<b>Lingua e economía</b> .....	223
<b>Do pasado ao presente na procura dun futuro para o galego</b> ...	239
<b>Bibliografía citada</b> .....	247